CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO | | |
| Documento<br>CONZI0FA | Expediente<br>CON/4/2015 | |

15078DCONZI0FAP

## ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 122.956,11 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade

**LUGAR, DATA E HORA:** Pazo de Raxoi, 2º Andar, Antiga Capela de Urbanismo, 9 de abril de 2014, ás 9:00 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López
**Vocais:** D./Dª. Manuel Martinez, representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D./Dª Ignacio Soto González, Director Técnico DUS
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

**OFERTAS PRESENTADAS:**

| NÚMERO DE ORDE | DATA DE PRESENTACIÓN | NÚMERO DE REXISTRO | NOME DO LICITADOR |
|---|---|---|---|
| 1 | 19/3/2015 | 12.737 | JAVASAN BOIRO S.L. |
| 2 | 19/3/2015 | 12.774 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. |
| 3 | 21/3/2015 | 12.807 | ESPINA Y DELFIN S.L. |

**Proposición recibida por correo*

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

Ás 9:05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O/A PRESIDENTE DA MESA

O/A SECRETARIO/A DA MESA

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

CONCELLO DE SANTIAGO

| Dependencia | | |
|---|---|---|
| CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios<br>64.- SPELO | | |
| Documento<br>CONZI0FA | Expediente<br>CON/4/2015 | |

15078DCONZI0FAP

## ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 122.956,11 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 16 de abril de 2015, ás 10:00 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** D./Dª Teresa Mª Gutiérrez López
**Vocais:** D./Dª. María Antón representante do grupo PP.
D./Dª. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D./Dª Ignacio Soto González, Director Técnico DUS
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.
**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A Mesa de Contratación leva a cabo, en primeiro término, a apertura do sobres de referencias técnicas e, seguidamente, e sen solución de continuidade, a dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliables mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

| Nº DE ORDE | NOME DO LICITADOR | PREZO OFERTADO (euros IVA excluído) |
|---|---|---|
| 1 | JAVASAN BOIRO S.L. | 110.000,00 |
| 2 | EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. | 104.881,56 |
| 3 | ESPINA Y DELFIN S.L. | 75.986,88 |

En consecuencia, resulta que a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é a do licitador ESPINA Y DELFIN S.L.

Polo tanto, a mesa de contratación, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Trasladar ao concelleiro delegado de contratación o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador ESPINA Y DELFIN S.L, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 75.986,88 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 10:20 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVIZOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO

## ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

**LICITACIÓN:** Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais - POS Adicional 1/2014.

**TIPO DE LICITACIÓN:** 122.956,11 euros máis IVE. **PROCEDEMENTO:** Negociado sen publicidade

**LUGAR, DATA E HORA:** Sección de Contratación, R/Pte.Salvador Allende, 6-8, 27 de abril de 2015, ás 9:35 Horas.

**ASISTENTES:**

**Presidente:** Dª Teresa Mª Gutiérrez López

**Vocais:** D. Manuel Martínez representante do grupo PP.
D. Bernardino Rama, representante do grupo PSOE.
D. Rubén Cela, representante do grupo BNG.
D. Ignacio Soto González, Director Técnico DUS
Dª Inmaculada Viña Carregal, Interventora xeral Municipal.
D. Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, Director da asesoría xurídica municipal.

**Secretario:** D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Toma a palabra o secretario da mesa para aclarar a cuestión suscitada na anterior reunión polo representante do grupo municipal socialista, D. Bernardino Rama, que manifestara que no día mesmo de apertura das ofertas das tres empresas invitadas a participar na licitación, publicouse un anuncio da mesma no perfil do contratante do Concello, o que podía dar lugar a confusión a outras empresas que entenderían que estaban a tempo de presentar as súas ofertas.

Pois ben, realizadas as oportunas verificacións, resulta que efectivamente, nesa data publicouse un anuncio en aplicacion das normas de transparencia, que se limitaba a dar conta da existencia da licitación, pero sen sinalar un prazo para a presentación de ofertas, o que o funcionario redactor entendeu como clarificador abondo para non deducir unha invitación a participar ós posibles interesados.

Sen embargo, e como D. Bernardino Rama sospeitou, a redacción resultou non ser a apropiada, e a confusión anunciada derivou na presentación dunha oferta extemporánea por parte da empresa ALCOMTE GALICIA SL.

Dado que o procedemento seguíu o seu curso, no momento de presentación desta oferta (24 de abril) a mesa xa propuxera (16 de abril) a adxudicación do contrato a favor da mellor oferta das presentadas dentro do prazo marcado nas invitacións cursadas, polo que, a pesares de que este Concello mantén como criterio sempre admitir todas as ofertas presentadas aínda sen invitación previa, resulta evidente que neste caso a oferta da empresa ALCOMTE GALICIA devén inadmisible con causa na súa extemporaneidade.

Polo tanto, a mesa acorda rexeitar a oferta presentada pola empresa ALCOMTE GALICIA SL xa que foi presentada fora de prazo.

Así mesmo, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, ESPINA Y DELFIN S.L, considérase acreditada a mesma, e polo tanto ratifícase a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 9:50 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE**
**O/A PRESIDENTE DA MESA**

**O/A SECRETARIO/A DA MESA**

CONTRATACIÓN E SERVICIOS COMUNITARIOS
CONCELLO DE SANTIAGO